

AQUÍ ESTAMOS NO MAGOSTO
(Popular)



Aquí estamos no magosto,
para comer unhas castañas. (Bis)
Achegádevos rapaces
Achegádevos rapazas (Bis)
Ai, la, lalalalala , ai, la, lalalalala.

Este o tempo do magosto,
este o tempo das castañas. (Bis)
Comeremos ata enchernos
e tisanáremolas caras. (bis)
Ai, la, lalalalala , ai, la, lalalalala.

Que ben saben, que ben saben,
as castañas do magosto. (bis)
Que ben saben, que ben saben,
cando non teñen chamosco. (bis)
Ai, la, lalalalala , ai, la, lalalalala.

Temos a barriga chea
pois comemos un montón. (bis)
Agora imos xogar os trompos
para facerlle a dixestión. (bis)
Ai, la, lalalalala , ai, la, lalalalala.



CASTAÑAS NO MAGOSTO
(Popular)



Non chas quero, non chas quero
Castañas do teu magosto;
Non chas Quero, non chas Quero,
Que me cheiran ó chamosco.
Ai la lelo ai la lelo

A castaña no ourizo
Quixo rir e rabeou,
Caeu do castaño abaixo
Mira que pago levou,
Alí la lelo ai la lelo

Do outro lado do río
Ten meu pai un castiñeiro,
Dá castañas en agosto,
Uvas pasas en Xaneiro,
Ai la lelo ai la lelo

Acabáronse as vendimas
E veñen as esfoladas
Para comer coas mozas
Catro castañas asadas
...

Santo que estás no canizo
Bota castañas abaixo,
Que aunque non teño mandil
Apáñochas no refaixo
....

O adro do San Martiño
Ten vintecincos escaleiras
Para subir e baixar
Tódalas namoradeiras.
...

Acabáronse as castañas,
Secaron os castiñeiros;
Acabáronse as rapazas,
Quedan os mozos solteiros.
...



A CASA DO TERROR
(Xoán Curriel)



A casa do terror non ten nin ascensor,
Ti subirás a pé, atoparás-te cos
Máis terroríficos, ultramaleficos
Bichos histéricos e monstros aerofaxicos.

A casa do terror non ten televisión,
Pois haiche diversión e non se aburren, non.
Facendo malabares nunha persecución.
Os esqueletos cos seus ósos tocan percusión.

Mascostas infernais e plantas fantasmais
Con bocas de calmán comezan a cantar.
E queren perseguirte, facerche cóxegas
Que o pesadelo atrapa a quen queira escapar
Da casa do terror, da casa do terror.

A casa do terror so ten porta para entrar,
Ao entrar ti só berrarás, alí toparás:
Aos ratotiburóns e aos mouchocondrilos,
Os perri-Frankenstains e os gativampiros.

Equinos-tiburóns, felinos con cara de furón
Bailando reaggetón, que inferno de cancións!
Pirañas belcebú, chegadas de Perú
E as moscas máis sarcásticas cun corno no cu.

Mascostas infernais e plantas fantasmais...

Da casa do terror queremos escapar
Ti foxe cara alí, eu corro cara alá,
Fomos caer aquí , a banda do verán,
Con nenas-pesadelo que cantan nanas punk.

A auga está xeada, a cama chea de po,
E que hai para cear na casa do terror?
Bruxas que fan a cea e un sapo falador
Con baba de culebra acenden o asador.

Mascostas infernais e plantas fantasmais...

Na casa do terror non hai porta para saír,
Na casa do terror aventuras para vivir.
Na casa do terror non hai porta para saír,
Na casa do terror vén con nós se queres vir.

OLLO DE VIDRO
(Gramola Gominola)



Co meu ollo de vidro
todo podo ver.
vexo no calendario
tempo de lecer.

hoxe é 1 de novembro
e xa vou saír.
aviso os compañeiros,
hoxe é samaín.

peto nos cadaleitos
para avisar
os outros esqueletos
para se preparar.

e vamos bailar surf
ata que chegue o amencer!
e vamos bailar surf
ata que chegue o amencer!

vamos sae da túa tumba.
abandona o panteón.
hoxe os mortos e os vivos
bailarán esta canción.

canta,xoga ,ri e baila,
asustarás un montón.
hoxe os mortos e os vivos
bailarán esta canción.

xa estamos todos listos
para comezar.
todos postos en fila
imos surfear.

sinto que os ósos rexen.
vounos aquelar.
co ritmo dos tambores
que comeza xa.

e vamos bailar surf...(x4)
vamos,sae da túa tumba...
canta,xoga ,ri e baila...

